

# Guión de traballo para linguas minorizadas

Nome(s)		Aula
Lingua	Outros nomes	
Familia Lingüística	Linguas Irmás	
Como é? (alfabeto, mostra dun texto oral e escrito, audición dunha canción...)		
Dominio Lingüístico (territorios nos que se fala)		
Número de falantes (como lingua materna e como lingua adquirida; condición dos falantes: monolingües, bilingües...explicación; niveis de competencia e uso da poboación, etc.)		
Estatus oficial (recoñecemento por parte dos poderes públicos: é oficial ou non, ten algún grao de protección, é oficial nun territorio e non noutros, etc.		
Situación sociolingüística: presenza nos diferentes ámbitos de uso dunha lingua (ensino, administración, xustiza, medios, igrexa...), movementos de defensa da lingua, etc		
Fontes de información		

## BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA NA REDE: (SEN REVISAR-2019)

- Linguamón. Casa das Linguas: [http://www10.gencat.cat/casa\\_llengues/AppJava/gl/index.jsp](http://www10.gencat.cat/casa_llengues/AppJava/gl/index.jsp) (en galego e 15 linguas máis).
- Linguamón. Mapas vivos: [http://www15.gencat.net/pres\\_casa\\_llengues/mapes/](http://www15.gencat.net/pres_casa_llengues/mapes/)
- Eurominority: <http://www.eurominority.eu/version/eng/index.asp> (en galego e 31 linguas máis).
- Proxecto Sorosoro: <http://www.sorosoro.org/es> (español, francés e inglés).
- Amarauna. Rede de Linguas do Mundo: <http://www.amarauna-languages.com/index.php?hizk=es> (español, inglés e euskara).
- Comisión Europea. Multilingüismo: [http://ec.europa.eu/education/languages/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/education/languages/index_es.htm) (en español, portugués e demais linguas oficiais da UE).
- Euromosaic: <http://www.uoc.edu/euromosaic> (catalán, inglés e francés).
- Mercator: <http://www.mercator-education.org> (inglés, neerlandés e frisón).
- Atlas UNESCO das linguas do mundo en perigo: <http://www.unesco.org/languages-atlas/index.php> (español, francés e inglés).
- Ethnologue. Linguas do Mundo: [http://www.ethnologue.com/language\\_index.asp](http://www.ethnologue.com/language_index.asp) (inglés).
- A planificación lingüística no mundo: <http://www.tlfq.ulaval.ca/axl/> (francés).
- Mercator: [www.ciemen.org/mercator](http://www.ciemen.org/mercator) (catalán, francés e inglés).

## PARA TRABALLAR COA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS

<http://www.blogoteca.com/asgabarras/index.php?cod=72350> video.

En **2008** celebráronse os primeiros dez anos da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. Aproveitando esta efeméride, **esta pequena reportaxe aborda a realidade das linguas minoritarias de Europa, a través de idiomas como o galés e o bretón.** A supervivencia dos idiomas non maioritarios dependerá en boa medida da aplicación, ou non, desa Carta.

### PARA PENSAR:

1. Como é o ensino do galés en Gales?
2. Comenta a situación do ensino do bretón na Bretaña Francesa. Que dous tipos de ensino se dan?
3. Compara a política lingüística que se aplica ao galés coa política lingüística que se lle aplica ao bretón.
4. Compara os usos sociais de ambas linguas.
5. SABES CAL É A SITUACIÓN DO GALEGO NAS DISTINTAS ETAPAS EDUCATIVAS?

**2012:III Informe da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias**  
[http://www.prolingua.gal/uploads/media\\_items/traducion-terceiro-informe-consello-de-europa.original.pdf](http://www.prolingua.gal/uploads/media_items/traducion-terceiro-informe-consello-de-europa.original.pdf)

**20 ANOS INCUMPRINDO:** <https://www.sermosgaliza.gal/articulo/lingua/vinte-anos-de-incumprimento-da-carta-europea-das-linguas-rexionais-ou-minoritarias-en-galiza/20121105133726007291.html>

**2014:**

<https://www.amesa.gal/informes/relatorio-sobre-aplicacion-en-galiza-da-carta-europea-das-linguas-rexionais-ou-minoritarias>

**2015**

**3-10-15:** [http://www.eldiario.es/aragon/sociedad/tristeza-lengua-materna-desaparecera-consuelo\\_0\\_437456546.html](http://www.eldiario.es/aragon/sociedad/tristeza-lengua-materna-desaparecera-consuelo_0_437456546.html)

<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200581>

**2016**

**Xoves 21, Xaneiro 2016:** <http://praza.gal/movimentos-sociais/11015/o-consello-de-europa-volve-pedir-a-xunta-que-impulse-mais-o-galego-no-ensino/>

22-

[http://academia.gal/novas/-/asset\\_publisher/E4jf/content/comunicado-en-relacion-co-informe-do-consello-de-europa-sobre-a-carta-das-linguas-rexionais-e-minoritarias?redirect=http%3A%2F%2Facademia.gal%2Fnovas%3Fp\\_p\\_id%3D101\\_INSTANCE\\_E4jf%26p\\_p\\_lifecycle%3D0%26p\\_p\\_state%3Dnormal%26p\\_p\\_mode%3Dview%26p\\_p\\_col\\_id%3Dcolumn-1%26p\\_p\\_col\\_pos%3D1%26p\\_p\\_col\\_count%3D4](http://academia.gal/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/comunicado-en-relacion-co-informe-do-consello-de-europa-sobre-a-carta-das-linguas-rexionais-e-minoritarias?redirect=http%3A%2F%2Facademia.gal%2Fnovas%3Fp_p_id%3D101_INSTANCE_E4jf%26p_p_lifecycle%3D0%26p_p_state%3Dnormal%26p_p_mode%3Dview%26p_p_col_id%3Dcolumn-1%26p_p_col_pos%3D1%26p_p_col_count%3D4)

#### **IV informe de seguimiento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias**

[http://www.lingua.gal/recursos/outros/\\_publicacions/recurso\\_0009/informe-seguimento-carta-europea-das-linguas-rexionais-minoritarias](http://www.lingua.gal/recursos/outros/_publicacions/recurso_0009/informe-seguimento-carta-europea-das-linguas-rexionais-minoritarias)

O comité de expertos encargado do seguimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias emitiu en xaneiro de 2016 o seu cuarto informe para España, relativo ao cumprimento deste tratado internacional no período 2010-2013. A partir deste documento, o Consello de Europa fai 6 recomendacións que as autoridades deberán seguir para garantir o cumprimento da Carta.

**Informe:** [http://www.lingua.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=1647069&name=DLFE-11444.pdf](http://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-11444.pdf)

**Recomendacións do Consello de Europa:** [http://www.lingua.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=1647069&name=DLFE-11443.pdf](http://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-11443.pdf)

<http://periodistas-es.com/las-linguas-cooficiales-en-espana-en-2016-63694>

#### **Comunicado en relación co informe do Consello de Europa sobre a Carta das Linguas Rexionais e Minoritarias da RAG:**

[https://academia.gal/novas/-/asset\\_publisher/E4jf/content/comunicado-en-relacion-co-informe-do-consello-de-europa-sobre-a-carta-das-linguas-rexionais-e-minoritarias?redirect=http%3A%2F%2Facademia.gal%2Fnovas%3Fp\\_p\\_id%3D101\\_INSTANCE\\_E4jf%26p\\_p\\_lifecycle%3D0%26p\\_p\\_state%3Dnormal%26p\\_p\\_mode%3Dview%26p\\_p\\_col\\_id%3Dcolumn-1%26p\\_p\\_col\\_pos%3D1%26p\\_p\\_col\\_count%3D4](https://academia.gal/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/comunicado-en-relacion-co-informe-do-consello-de-europa-sobre-a-carta-das-linguas-rexionais-e-minoritarias?redirect=http%3A%2F%2Facademia.gal%2Fnovas%3Fp_p_id%3D101_INSTANCE_E4jf%26p_p_lifecycle%3D0%26p_p_state%3Dnormal%26p_p_mode%3Dview%26p_p_col_id%3Dcolumn-1%26p_p_col_pos%3D1%26p_p_col_count%3D4)

**2017**

**16-06-17:** <http://www.galiciainconfidencial.com/noticia/59954-galicia-capital-linguas-minoritarias-estado>

**30-6-17:** <https://www.pressreader.com/spain/la-voz-de-galicia-a-coru%C3%B1a/20170630/282076276885808>

**2018: FORO DE DEBATE SOBRE a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias RECOMPILA INFORMACIÓN:** <https://eapc-rld.blog.gencat.cat/2018/03/15/foro-de-debate-sobre-a-carta-europea-para-as-linguas-rexionais-ou-minoritarias-fernando-ramallo/>

DESENVOLTO NO CONSELLO DA CULTUTA: <http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200581>  
2019  
<https://cartaxeometrica.blogspot.com/2019/10/manual-da-carta-europea-das-linguas.html>

### Manual da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias

O Consello de Europa, en colaboración coa Xunta, publicaron [un manual escolar](#) sobre a [Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias](#) (CELRM) que contén un pequeno feixe de ensinanzas da sociolingüística que compriría que se espallasen fóra das aulas de lingua galega (estou pensando nas das outras linguas: castelán, inglés, francés,...).

### Recortes de sociolingüística

De seguido recollo algúns recortes de textos da publicación. O primeiro, sobre a causa da morte das linguas:

"as linguas non desaparecen por causas naturais, senón que, para sermos máis exactos, na realidade son substituídas, un feito típico dos procesos de primacía política e económica. O proceso de substitución dunha lingua por outra maior implica graves fisuras no que concirne á integración interxeracional e á cohesión social dunha comunidade. "

### Sobre o proceso de substitución lingüística (o subliñado é meu)

"As linguas desaparecen porque outras linguas ocupan o seu espazo como resultado de diversos procesos complexos de expansión cultural, política ou económica, que non están exentos de **conflito**. "

### Tamén se atende aos prexuízos:

" Debe traballarse para combater os prexuízos e as ideoloxías sobre as linguas minoritarias, de modo que a diversidade e o diferente se vexan de xeito positivo e as linguas se consideren bens prezados que se poden promover activamente. "

### O papel da escola na normalización:

"As escolas representan un papel crucial na promoción das linguas minoritarias, non só nos territorios onde se falan"

"A miúdo dáse o caso de que algunhas linguas internacionais coma o inglés ou o castelán se consideran máis importantes e útiles, mentres que ás linguas minoritarias habitualmente se lles dá un valor máis identitario ou emocional sen pensar na súa utilidade. O sistema educativo debe combater estes prexuízos e participar nun enfoque máis inclusivo con todas as linguas que destaque o seu valor e a súa riqueza"

### Suíza, España e Polonia.

Mapa 2. Distribución xeográfica das linguas minoritarias en España



Amazige	Basque
Arabic of Ceuta	Catalan/Valencian
Aragonese	Galician (including Fala in Extremadura)
Aranese (also known as Occitan)	Leonese
Asturian	Portuguese

No documento trátase o cumprimento da CELRM por parte de Suíza, Polonia e España, o que permite introducirmos no coñecemento de diversas realidades. Do caso que máis nos interesa, o español, destácanse os incumprimentos máis graves, que desafortunadamente son todos atribuíbles ao goberno galego. Hai unha especial referencia ao Decreto 79/2010, o de prohibición de uso do galego no ensino non universitario (o destacado volve a ser cousa miña):

"Os principais retos danse fundamentalmente no emprego das linguas minoritarias na área da xustiza (artigo 9) e na da Administración (artigo 10). Un problema habitual é a falta de persoal capaz de usar as linguas pertinentes nalgunhas áreas da Administración, así como nos servizos públicos, especialmente na Sanidade, o cal dificulta o emprego das linguas minoritarias nestes ámbitos. **Tamén preocupa o aumento do uso do castelán nos sistemas educativos (artigo 8) nas rexións con linguas minoritarias e a expansión dos modelos educativos trilingües (castelán, inglés e unha lingua minoritaria)** nalgunhas comunidades autónomas, o cal entorpece a aprendizaxe da lingua minoritaria. Por tanto, deberían analizarse detalladamente estes modelos educativos antes da súa posta en marcha co fin de asegurar un ensino e un estudo axeitados das tres linguas."

Por se hai alguén con pouca memoria, recollo aquí un extracto do [Comunicado da RAG en relación co informe do Consello de Europa sobre a CELRM](#)

"Tras unha profunda análise da situación do galego en Galicia, o informe redactado polo Comité de Expertos faise eco da chamada de atención da RAG e subliña que o Decreto 79/2010 "ten un impacto moi negativo ao fixar un máximo do 50% do ensino en galego, co obxectivo final de reduci-lo a un terzo, mentres que ao mesmo tempo prohíbe expresamente o ensino en galego de Matemáticas na Primaria e de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química na Secundaria". "Con respecto ao ensino na etapa de Infantil, o galego só está presente en niveis do 6,57% en cidades de máis de 50.000 habitantes", engade."

Finalmente non deia de ser paradóxico que sexa a Xunta quen participe na publicación deste documento.

### **A publicación**

Velaquí a publicación completa : [19 10 CELRM Xunta by kiarqu2458 on Scribd](#)